

BANDO DA ALCALDÍA

No Día das Letras Galegas lembramos nesta ocasión a figura e a obra de Xaquín Lorenzo “Xocas” destacado etnógrafo e impulsor da recuperación do noso folclore e da nosa cultura.

Desde a súa institucionalización pola Real Academia Galega, esta data é un motivo de reflexión sobre o noso principal sinal de identidade como pobo, a lingua, e un motivo para recapacitar sobre a responsabilidade que a cada un de nós, individualmente como cidadáns galegos, e colectivamente como entidades e institucións públicas, nos compete na preservación do noso idioma, na garantía de que as futuras xeracións fagan do galego a súa lingua propia, se expresen nela con absoluta normalidade e atopen nela o vehículo de comunicación, de coñecemento e de convivencia cotiá.

Por isto temos que reiterar o compromiso persoal e colectivo, e no noso caso institucional, na preservación e potenciación do galego, e máis desde esta institución, o Concello de Santiago, que sente o orgullo de se considerar pioneira no proceso de normalización lingüística e destaca polo seu labor neste sentido.

Cómpre pois que hoxe, 17 de maio, anovemos este compromiso, como galegos que somos, na defensa da nosa lingua, pilar básico dunha cultura singular, viva e plural, mais tamén fráxil e vulnerábel se esquecemos que é o seu uso o que lle dá precisamente toda a súa forza.

Santiago de Compostela, 17 de maio de 2004

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela